XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

As competencias clave que se traballan nesta área son as sete mencionadas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o curriculo básico da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia** :

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | 2º-CNB1.1.1-Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |
| B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | 2º-CNB1.2.1-Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia |
| B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | 2º-CNB2.1.1-Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.<br><br>2º-CNB2.1.2-Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais<br><br>2º-CNB2.1.3-Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. |
| B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. | 2º-CNB2.2.1-Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.<br><br>2º-CNB2.2.2-Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. |
| B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | 2º-CNB2.3.1-Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. |
| B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | 2º-CNB3.1.1-Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.<br><br>2º-CNB3.1.2-Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. |
| B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. | 2º-CNB3.2.1-Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. |
| B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. | 2º-CNB4.1.1-Valora e aplica usos responsables da auga na escola.<br><br>2º-CNB4.1.2-Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. |
| B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | 2º-CNB5.1.1-Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. |

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| | |
|---|---|
| | 2º-CNB5.1.2-Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.<br><br>2º-CNB5.1.3-Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas, |
| B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | 2º-CNB5.2.1-Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf:

## 2. Avaliación e cualificación

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**:<br>Corrección dos traballos escritos feitos polo alumnado día a día na materia: fichas entregadas pola titora, actividades propostas relacionadas coa materia.<br>Valoración de actividades orais. |
| | **Instrumentos**:<br>-Probas escritas realizadas no primeiro e segundo trimestre.<br>-Observación e valoración da evolución do alumnado.<br>-Traballo en equipo.<br>-Participación nas distintas actividades organizadas polo Centro. |
| **Cualificación final** | **Procedemento para obter a cualificación final de curso**:<br>**-1ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-2ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-3ª Avaliación:** valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballarase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións. |

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | -Propóñense a diario **actividades de repaso** dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial, exclusivamente dos contidos que a titora considera que a maioría dos/as alumnos/as non chegou a interiorizar e comprender correctamente.<br>-Asemade propóñense algunhas **actividades de ampliación** nas que se avalían os contidos xa traballados no primeiro e segundo trimestre. En ningún caso serán avaliados novos conceptos.<br>-Para a minoría que non ten interiorizados os contidos básicos aos que nos referimos anteriormente, propóñense **actividades de reforzo.** Estas actividades están coordinadas pola orientadora conxuntamente coa profesora de P. T. e o profesor de A. L.<br>-Visualización de **vídeos explicativos e lúdicos.** |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Realización de actividades, inicialmente a través de Abalar móbil e, posteriormente, a través da aplicación Agueiro. En casos puntuais tamén a través de correo electrónico. |
| **Materiais e recursos** | **Recursos materiais:** imprimibles, descargables, audiovisuais, ligazóns páxinas web.<br>**Recursos humanos:** profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (nos casos necesarios). |

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | -E-mail<br>-Teléfono<br>-Abalar móbil<br>-Agueiro |
| **Publicidade** | -Paxina web do centro |